

DAS LETRAS GALEGAS 2007 DÍA DAS LETRAS GALEGAS



MARÍA



DÍA
DAS
LETRAS
GALEGAS
2007



MARIÑO

MARÍA MARIÑO MARÍA MARIÑO MARÍA MARI

XOSÉ MARÍA DOBARRO

Letras galegas

Desde xa hai un tempo vense discutindo a conveniencia de seguir mantendo a actual estrutura do denominado "Día das Letras Galegas". Comentase nos medios de comunicación que se lle debería dedicar a escritores vivos. Hai quen pensa, tamén en voz alta, que xa non quedan moitas figuras de relevo a quen galardoar.

Desde moitas instancias, públicas e privadas, fanse propostas de escritores ou representantes "significados" da cultura vinculados ás entidades poboacionais das que parten.

Moito vate local-popular entre eles. Xa non digamos o que se pensa sobre a conveniencia ou non de que o 17 de maio sexa día feriado. Este artigo non pretende outra cousa que non for facer unha reflexión sobre estas cousas que veñen acontecendo nos últimos anos.

Convén lembrar, porque é de xustiza, que a efeméride, a instauración desta festa das letras galegas, partiu dun membro numerario da Real Academia Galega, afortunadamente aínda moi vivo con noventa e cinco anos: Francisco Fernández del Riego. Era daquela, principios dos anos sesenta, ministro de Información e Turismo da ditadura franquista Manuel Fraga Iribarne.

Era el, pois, o responsable máximo de lle facer chegar ó Consello de Ministros, presidido polo denominado "caudillo", o informe, favorable ou non, sobre a iniciativa académica galega.

Non debemos esquecer que finalizada a guerra de España a corporación nomeara presidente de honra ó xeneral vencedor e, consecuentemente, máxima autoridade do novo réxime.

O, máis dunha vez alcalde de coruñés, Manuel Casás,



■ O cadaleito de María Mariño chega ó cimiterio de Seoane do Courel

Coméntase nos medios de comunicación que se lle debería dedicar a escritores vivos

primeiro presidente da RAG cando a ditadura, estimou conveniente este nomeamento.

Se o máximo mandatario, que a maiores era galego de nación, aceptara a distinción non parecía imposible que puidese converterse en realidade a proposta da Academia propiciada por del Riego.

E así foi. Atinadamente, a data escollida foi o 17 de maio, día do nacemento de Manuel Murguía –quen, en 1905, cando a constitución

formal da Academia, se convertería no seu primeiro presidente. É tamén a data, evidentemente non casual, na que Rosalía asina a dedicatoria, tampouco casual, que lle fai a Fernán Caballero do seu xenial libro de versos Cantares Gallegos (1863).

Cen anos despois había que conmemorar esta importantísima aparición no mundo das letras universais e de aí a hoxe. Nos anos que seguiron había moito onde escoller.

Andaron as grandes figuras do século XIX, os auténticos creadores da literatura galega contemporánea: Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Lamas Carvajal, Juan Manuel Pintos, Francisco Añón, Marcial Valladares. Tamén algúns sucesores significados: Ramón Cabanillas, Noriega Varela ou mesmo López Abente.

Logo comezaron a aparecer figuras da época medieval –ouh casualidade que a primeira fose un rei (Alfonso X) porque estabamos nos momentos da consolidación da segunda restauración borbónica.

E polo medio figuras menores. Tamén houbo xentes moi importantes dos anos vinte e primeiros trinta, dos tempos da II República: Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Luís Seoane, Manuel Antonio, Luís Amado Carballo. Mais ficaron polo medio, sen recoñecemento ningún, figuras senlleiras e decisivas como Alberto Camino, Florencio Vaamonde, Eugenio Ca-

¿Hai realmente alguén a quen lle interese a figura de María Mariño?

rré Aldao...

Falabamos ó principio das polémicas –sempre pequenas, porque non é este un tema de primeira actualidade, nin sequera no mes de maio– que podemos ler ou escoitar.

As letras galegas galegas están aí. Pero hai unha evidencia: publícase máis pero a cada día que pasa fálase menos galego e a cada momento lese menos galego. Aí, na miña modestísima opinión, é onde hai que incidir. Hai moita mercantilización ó redor desta data que non favorece en nada a causa do idioma.

¿Hai realmente alguén a quen lle interese a figura de María Mariño? Ás persoas coas que diariamente me relaciono, incluídos alumnos de Filoloxía Galega, debo sinceramente dicir que non. E se for outra figura similar habería que manifestar o mesmo.

Penso, en definitiva, que, hai que manter a data pero sen lle asinar nome ningún, como acontece coas letras das culturas que nos rodean. Simplemente "Día das Letras Galegas". Abonda.

Homenaxeados

- 1963 Rosalía de Castro
- 1964 Castelao
- 1965 Eduardo Pondal
- 1966 Francisco Añón Paz
- 1967 Manuel Curros Enríquez
- 1968 F. López Cuevillas
- 1969 Antonio Noriega Varela
- 1970 M. Valladares Núñez
- 1971 Gonzalo López Abente
- 1972 Valentín Lamas Carvajal
- 1973 Manuel Lago González
- 1974 X. V. Viqueira Cortón
- 1975 X. Manuel Pintos Villar
- 1976 Ramón Cabanillas
- 1977 Antón Vilar Ponte
- 1978 Antonio López Ferreiro
- 1979 Manuel Antonio
- 1980 Alfonso X, O Sabio
- 1981 Vicente Risco
- 1982 Luís Amado Carballo
- 1983 Manuel Leiras Pulpeiro
- 1984 A. Cotarelo Valledor
- 1985 Antón Losada Diéguez
- 1986 Aquilino Iglesia Alvariño
- 1987 Francisca H. Garrido
- 1988 Ramón Otero Pedrayo
- 1989 Celso Emilio Ferreiro
- 1990 Luís Pimentel
- 1991 Alvaro Cunqueiro
- 1992 Fermín Bouza-Brey
- 1993 Eduardo Blanco-Amor
- 1994 Luís Seoane
- 1995 Rafael Dieste
- 1996 Xesús Ferro Couselo
- 1997 Anxel Fole
- 1998 Martín Codax
- 1999 Roberto Blanco Torres
- 2000 Manuel Murguía
- 2001 Eladio Rodríguez
- 2002 Frei Matín Sarmiento
- 2003 Antón Avilés de Taramancos
- 2004 Xaquín Lorenzo Fernández
- 2005 Xesús Lorenzo Varela
- 2006 Manuel Lugrís
- 2007 María Mariño



■ Placa en homenaxe á autora noíesa na súa vila natal

